



APDR

Asociación pola defensa da Ría

A APDR CONGRATÚLASE POLA PROHIBICIÓN DAS FUMIGACIÓNS ÁEREAS MASIVAS PLANEADAS POR ENCE QUE TIVERON FORTE REXEITAMENTO SOCIAL

A **contestación** do **Valedor do Pobo** á **Plataforma contra as Fumigacións** (da que forma parte a APDR), confirma que finalmente a Xunta de Galicia tivo que desautorizar as fumigacións aéreas contra o gorgullo do eucalipto cun biocida tóxico, **trala importante contestación social provocada**, e lembra que a aplicación deste tipo de biocidas tóxicos (por terra ou aire) está prohibida a partir do 31 de decembro de 2012.

A **Asociación Pola Defensa da Ría (APDR)** **manifestouse** contra a loita química contra o gurgullo do eucalipto e **denunciou** como irresponsábeis e falsas ás declaracións vertidas por ENCE o 14.05.12 (1) nas que defendía as fumigacións aéreas masivas a nivel galego que só na provincia de **Pontevedra** tivera afectado a **51 concellos**.

A asociación **ASPAPEL** (patronal española do papel presidida polo conselleiro delegado de ENCE), coa complicidade das Consellerías de medio ambiente e medio rural, fixo público o derradeiro 3 de abril a pretensión **de fumigacións masivas aéreas co "Cascade"**, biocida cuxa comercialización estaba prohibida **a partir do 1 de agosto deste ano** por ser **tóxico, persistente, bioacumulábel e de elevado risco acuático**. As 69 zonas de eucaliptais galegos afectadas (de 8 km cada unha) supoñían a **contaminación de lugares habitados, cursos fluviais e mesmo espazos da Rede Natura 2000**; e hai que ter en conta que este produto, ademais de eliminar o goníptero, elimina tamén outros insectos, entre eles ás abellas, particularmente útiles para a polinización das plantas e importante fonte de riqueza no sector agrícola-forestal.

O motivo alegado agora pola Xunta de Galicia para denegar a solicitude presentada por unha empresa contratada por ASPAPEL foi por non cumprir "os condicionantes previstos na directiva 128/2009/CE para este tipo de tratamentos", na liña que xa denunciámos dende a APDR e o resto da Plataforma contra as fumigacións xa que dita directiva alerta da deriva incontrolada da pulverización.

A PRAGA DO GONÍPTERO INTRODUCIDA POR ENCE NOS MONTES GALEGOS é a consecuencia lóxica do monocultivo do eucalipto promovido durante anos polos distintos gobernos da Xunta de Galicia. As solucións non poden pasar pola fumigación con biocidas prexudiciais co ecosistema, a saúde das persoas, os sectores produtivos como a apicultura e a agricultura e a destrución do emprego e da actividade económica local. **As solucións pasarían máis ben por apoiar a loita biolóxica** (a avéspera parasitaria **Anaphaes nitens**, insecto clave na loita biolóxica contra o goníptero que tamén está en perigo por estas fumigacións) e **por limitar os monocultivos** que só serven ao interese da industria pasteira recuperando a biodiversidade dos nosos montes.

A APDR, como o resto dos integrantes da Plataforma contra as fumigacións, **agradecemos a implicación da cidadanía en xeral, especialmente ás comunidades de montes e concellos da bisbarra como a declaración unánime contra as fumigacións no pleno do concello de Vilaboa**.

Pontevedra, 14 de decembro de 2012.

Xulio Carmona, pola xunta directiva da APDR



(1) Fonte: Diario de Pontevedra 15.05.12: «Responsables de Ence manifestaron ayer que la "única vía para atajar el gorgojo" pasa por la utilización del citado biocida, cuyo uso es legal. La empresa pastera asegura que empleará el plaguicida en los cultivos de eucalipto afectados por el gorgojo».